

Caderno para Educación Secundaria

**“Os mundos
de Castela”**

Edita: Museo de Pontevedra

Texto, diseño e maquetación: Dpto. de Educación do Museo Pontevedra.

Centralita: +34 986 80 41 00

Extensions do Departamento de Educación: 42413 e 42416

E-mail: educación.museo@depo.es

<http://www.museo.depo.gal>

Depósito Legal: PO 74-2002:

Os mundos de Castelao

Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950) é un dos maiores referentes da cultura galega.

O seu labor como artista (pintor, debuxante, caricaturista, ilustrador, escenógrafo), escritor (narrador, ensaísta, dramaturgo) e político constitúe un importante legado do que o Museo de Pontevedra é o seu maior custodio. Cómpre dicir que malia o amor que sentía pola súa vila natal, Castelao se declarou sempre pontevedrés de corazón. Desde que se asentou nesta cidade en 1916 e ata o estalido da guerra, que o colle en Madrid, aquí vivirá, en palabras súas, os mellores anos da súa vida, os máis intensos artística e politicamente falando. Será testemuña e partícipe da xestación do Museo de Pontevedra en 1927, que desde entón permanecerá vencellado para sempre á súa figura.

Destinatarios: Alumnado de Educación Secundaria



1

Galicia, a patria de Castelao

Castelao foi ante todo un amante da súa terra, pero con nove anos tivo que marchar coa súa nai á Arxentina.

Alí os esperaba o seu pai, quen emigrara nada máis nacer o seu fillo.

Pasado un tempo a familia regresou a Galicia; Castelao estudou o bacharelato e a carreira de Medicina en Santiago de Compostela.

Nesa etapa de estudante fai moitas caricaturas e autocaricaturas, arte que o fará célebre e que seguirá practicando o resto da súa vida.

1. Busca unha autocaricatura onde aparece coa súa muller. Escribe o ano en que foi feita. Como se chama a súa dona?

2. Escolle unha caricatura dos persoeiros célebres que retratou e pon o seu nome.



2 Paisaxe



Castelao pronunciou unhas palabras moi fermosas que reflicten o seu amor pola paisaxe galega:

*"E se teño vida
quero morrer sendo
paisaxista"*

Gustáballe representar a nosa natureza introducindo, ás veces, elementos da arquitectura popular. Fixo con gran mestría pequenas obras en cor que gustou de chamar "estampas", coma a célebre *O Neno das piñas*, realizadas empregando diferentes técnicas: tinta chinesa, gouache, acuarela, óleo, augada...

3. Observa e comenta. De todos os elementos da natureza, cal foi o que máis repetiu? Árbores, mar, montañas, paxaros... Pon o título dunha obra como exemplo.

3

As persoas invidentes

Castelao tivo moitas complicacións coa vista e a piques estivo de quedar cego. Este feito desencadeou unha forte empatía cara a estas persoas ás que chamou *Os meus compañeiros*.

Os tres cadros que aquí podes contemplar fixéronse para decorar un dos edificios que formaban parte do complexo Balneario de Mondariz.




4. Observa con calma os tres grandes lenzos de persoas invidentes. Reflexiona:

- A onde se dirixen as persoas protagonistas? _____
- Como gañan a vida? _____
- Quen os acompaña _____

4

Castelao ilustrador



En 1921 Castelao realiza unha viaxe por Europa, máis concretamente a Francia, Bélxica e Alemaña.

Foi en Alemaña onde aprendeu a técnica do gravado ao linóleo, que empregará en deseños para distintos xornais e revistas coma a revista *Nós*, da que foi director artístico, e cuxa técnica introducirá en Galicia.

Tamén aplicou esta técnica para ilustrar carteis e algunha das súas obras literarias.

5. Busca o cartel que fixo para promover o seu relato *Un ollo de vidro* e anota os títulos doutros dous carteis que vexas expostos.

5 O Álbum Nós

Os debuxos que conforman o Álbum Nós buscaban denunciar as inxustizas que daquela vivía a Galicia campesiña e mariñeira.

Castelao fará uso do debuxo e do texto para mostrar as problemáticas que padecían: a emigración, o caciquismo, a política do Goberno central, o pago de impostos abusivos...

6. Escolle un debuxo do álbum e comenta que inxustiza critica



5 O álbum Nós

7. Fíxate no prólogo/limiar do *Álbum Nós* e escribe as palabras que faltan:

"Este álbum de debuxos foi composto entre os anos dezaseis e dezaioito, cando Galicia se de un longo Con este medio cento de debuxos intentei a todos os licenciados da Universidade (amas de cría do caciquismo), a todos os homes que vivían do favor oficial"



Reflexiona: que te chama a atención deste texto?

6 Castelao político

Castelao en 1936 era deputado do Frente Popular polo Partido Galeguista e estaba en Madrid para defender ante as Cortes o Estatuto de Autonomía de Galicia, que finalmente se aprobou o 28 de xuño. Un mes despois, o 18 de xullo, tivo lugar o alzamento militar e Castelao nunca máis puido regresar a Galicia. Castelao porá a súa arte ao servizo dos ideais da República.

8. Observa na sala un dos carteis que Castelao realizou para animar as galegas e galegos a votar o Estatuto

■ Saberías dicir que é unha autonomía...

■ Que pensas que quixo dicir Castelao con esta imaxe?



7 Castelao escritor

Castelao foi un claro defensor da lingua galega, na que escribía as súas obras literarias empregando o xénero do relato curto; este é o caso de *Un ollo de vidro*, *Cousas e Retrincos*. Tamén escribiu unha novela curta, *Os dous de sempre*, unha obra de teatro e varios ensaios. Todas as súas obras foron ilustradas por el mesmo a excepción de *Retrincos*, con debuxos de Carlos Maside.

Os seus relatos teñen unha gran carga de compromiso social e caracterízanse por unha estrutura narrativa sinxela.

"Os mozos galegos: Eu quero adicarvos esta miña primeira novela. Fixena para derramar o tempo que me sobraba, máis que para sentir o gozo de crear unha peza de arte [...] Estou seguro de que non é unha gran obra; pero é tan human e tan miña que non podería ofrecervos nada mellor".



Neste fragmento do prólogo de *Os dous de sempre* pódese apreciar a sensibilidade e a humanidade que reflicte toda a obra de Castelao.

Reflexión: pódese dicir de Castelao que era un home que quería a súa xente e comprometido socialmente, por que?

8

Castelao viñetista



Castelao participou como viñetista en moitos dos principais xornais e revistas daquel momento, coma *El Sol*, *Faro de Vigo*, *Galicia*...

9. Busca e escribe os pés dos seguintes debuxos e reflexiona sobre a problemática que están a denunciar.

9

Castelao e a guerra

Tras o estalido da Guerra Civil Castelao trasládase a Valencia co Goberno, poñendo a súa arte ao servizo dos ideais republicanos.

En 1939 partirá cara a Nova York e Cuba para expoñer os seus *Álbumes de Guerra* en busca de apoio para a causa, pero alí collerao o fin da contenda.

Exiliarase de forma definitiva na Arxentina, na cidade de Bos Aires. Alí verá esvaeerse o soño de retornar á súa amada terra.

Castelao non foi testemuña da represión vivida en Galicia durante a Guerra, pero a partir dos sucesos relatados por aquelas persoas que si presenciaron Castelao realizará os seus *Álbumes de Guerra*: "Galicia Mártir", "Atila en Galicia" e "Milicianos".

10. Se lle désemos cor a estes debuxos... Perderían da súa carga expresiva?
11. Escolle o debuxo que che pareza máis conmovedor e explica por que?



“Os mundos de Castelao”

12 Escribe o título de cada debuxo e a que álbum pertencen cada un deles.







10

Castelao e As cruces de Pedra



Castelao fixo ao longo da súa vida un estudo das cruces e cruceiros de Galicia. Publicouse baixo o título *As cruces de pedra na Galiza* uns meses despois da súa morte en Bos Aires en 1950.

En 1929 Castelao estivo na Bretaña francesa estudando as cruces daquela terra, que relacionou coas galegas. Alí realizou debuxos dos diferentes tipos de cruces, da arquitectura local e da indumentaria rexional das súas xentes.

13. Sabes como se chaman os elementos típicos de Galicia que normalmente se sitúan nos cruces dos camiños?

- Cruceiros
- Petos de ánimas
- Hórreos

14. Pescuda como se titula este estudo e en que ano foi publicado.

11

Castelao e Os Debuxos Negros

Durante a súa estadía en América Castelao realiza esta serie de debuxos onde a danza e a música do Entroido cubano son os protagonistas.

Están feitos cun gran dominio do contraste entre luces e sombras. Son realistas e sen ánimo de denuncia. Castelao con estes debuxos retrata a realidade que observa en Cuba.

15. De todas as láminas da serie atópase esta onde aparece este home illado e coa mirada tristeira que racha coa temática do resto do conxunto.

■ En que cidade está? Que cres que lle pode pasar?



12

“Os meus compañeiros”

Os seguintes debuxos pertencen á serie titulada *Os meus compañeiros*, onde as persoas invidentes son as protagonistas. Os problemas que Castelao tivo coa vista influíron moito na súa obra, polo que a cegueira se converteu nun tema recorrente ao longo da súa vida.

16. Observa estes debuxos feitos a lapis e escribe o seu título. En que ano se fixeron?



“Os mundos de Castelao”

Contempla ben estes debuxos.

Aparecen nun primeiro termo os protagonistas, as persoas invidentes. Ao fondo, a outra gran protagonista en moitas das obras de Castelao, a paisaxe.

Fíxate na minuciosidade do debuxo, nestes rostros e neses lugares polos que sentiría unha inmensa morriña e aos que xamais volverá.

Morre na Arxentina en 1950.



13

Castelao e o teatro



Dentro da produción literaria de Castelao atopamos unha obra de teatro titulada *Os vellos non deben de namorarse*.

Inspirado pola escenografía dos ballets rusos que ve en París, cheos de cor e movemento, creará unha obra que mestura a tradición e o folclore galegos. Castelao encargárase do texto e tamén do deseño dos decorados, do vestuario e das máscaras que debían levar as actrices e os actores e mesmo as composicións musicais.

17. Onde e cando se estrea esta obra teatral?

18. Pescuda o nome dos protagonistas

14

Castelao, “Sempre en Galiza”

Comezamos este caderno dicindo que ante todo Castelao amaba a Galicia.

Nunha vitrina podes ver o manuscrito orixinal do seu ideario político que nun primeiro momento titulouse *Co pensamento en Galiza* e finalmente publicou como *Sempre en Galiza*.



19. Onde e cando se escribe?

29. A quen está dedicado?

15

Castelao para recordar

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao naceu en R_____ o 30 de xaneiro de 1886.

Seu pai marcha á Arxentina nada máis nacer o seu fillo.

De 1900 a 1909 estuda en Santiago bacharelato e logo a carreira de _____

Vive na cidade de Pontevedra de 1916 a 1936.

O Museo de Pontevedra posúe a maior obra de Castelao.

Como consecuencia do alzamento militar e da Guerra Civil (19__) estará en Madrid, Valencia, Barcelona, Nova York e Cuba.

Morre na Arxentina o 21 de xaneiro de 19__



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



MUSEO
PONTEVEDRA